

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:40 horas do día 5 de febreiro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 1 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Jesús Núñez-Torrón López
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 1 de febreiro de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:19	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA24C-E6E451-B78D35-KHKDLP-HKCH16-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.	98,00
2	CASER RESIDENCIAL	91,17
3	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS	82,28
4	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	49,00

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I do PCAP (“os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia”)
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 16:19	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA24C-E6E451-B78D35-KHKDLP-HKCH16-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		